



CONCELLO DE FOZ

C.I.F: P27019001
Avd. Álvaro Cunqueiro, 24
27780 Foz (Lugo)

Teléfonos: 982 14 00 27
982 14 02 21
Fax: 982 14 16 00

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO CELEBRADA EN DATA 25 DE SETEMBRO DE 2012

ASISTENTES:

PRESIDENTE

D. JAVIER JORGE CASTIÑEIRA (PP)

CONCELLEIROS /AS

D. MANUEL PAVÓN LÓPEZ (PP)
D^a MERCEDES JOSEFINA GONZÁLEZ ALONSO (PP)
D^a MARÍA TERESA LÓPEZ REGO (PP)
D. PEDRO JOSÉ FERNÁNDEZ MANÍN (PP)
D. JOSÉ RAMÓN VAL ALONSO (PS de G-PSOE)
D^a ROSA MARÍA PÉREZ GRADAILLE (PS de G-PSOE)
D. ENRIQUE COTARELO GARCÍA (PS de G-PSOE)
D^a ANA ISABEL VILLARINO ALONSO (PS de G-PSOE)
D. XAIME CANCIO RODRÍGUEZ (UNIFOZ)
D^o ANA MARÍA LÓPEZ CAMPOAMOR (UNIFOZ)
D^o MARÍA DE LOS ANGELES VEIGA VARELA (UNIFOZ)
D. XAN CARLOS GONZÁLEZ BASANTA (MIXTO-BNG)

INTERVENTOR

D. LUIS RAMÓN VÁZQUEZ PARGA

SECRETARIO

D. VICENTE PASTOR MARTÍNEZ

No salón de plenos do concello de Foz, sendo as vinte e tres horas e cincuenta e cinco minutos do día vinte e cinco de setembro de dous mil doce, reúnese en sesión extraordinaria e primeira convocatoria, o Pleno deste concello, baixo a presidencia do señor alcalde titular don Javier Jorge Castiñeira, coa asistencia dos señores/as concelleiros/as relacionados/as ao marxe, actúa de interventor o habilitado estatal Luis Ramón Vázquez Parga, e actúa de secretario o habilitado estatal Vicente Pastor Martínez que da fe do acto.-

Comprobado que asiste quórum suficiente para a válida celebración da sesión (trece concelleiros/as que de dereito compoñen a corporación) o señor alcalde declara aberto o acto e, seguidamente, éntrase no despacho dos asuntos incorporados á orde do día, cursado xuntamente coa convocatoria, producíndose o desenvolvemento da sesión e correlativa adopción de acordos, nos termos seguintes:-

ÚNICO.- ACEPTACIÓN DA CESIÓN DE VEHÍCULO DA CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA AO CONCELLO DE FOZ, SEGUNDO ORDE DO 26 DE XULLO DE 2012 DA DEVANDITA CONSELLERÍA (DOG Nº 145 DO 31 DE XULLO DE 2012).-

Dada conta do expediente reflectido no epígrafe, despois de ver a acta de cesión do vehículo marca Nissan, tipo todoterreo, coa matrícula C-3483-AV con 114.816 Km. asinada en data 1 de agosto de 2012 pola secretaria xeral técnica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e alcalde do concello de Foz, para ser destinado a protección civil.-

En atención ao que se require por representantes da devandita Consellería, o señor alcalde presidente propón que se recolla por parte do Pleno a aceptación da dita cesión. É por iso, que se



CONCELLO DE FOZ

C.I.F: P27019001
Avd. Álvaro Cunqueiro, 24
27780 Foz (Lugo)

Teléfonos: 982 14 00 27
982 14 02 21
Fax: 982 14 16 00

somete a consideración da corporación e, tralo debate no que se producen intervencións de asentimento polos diferentes grupos políticos, aproveitando a ocasión o señor Cancio dicindo que *“se fagan as xestións para que os membros de protección civil conten co vestiario axeitado”*.-

Despois de ver, o contido dos artigos 270 a 274 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, artigos 9, 10, 11 e 12 do Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais, e a Disposición Adicional Segunda da Lei 30/2007, de Contratos das Administracións Públicas.-

Seguidamente, o alcalde-presidente somete a votación ordinaria a proposta e na harmonía con esta, por unanimidade dos trece señores/as concelleiros/as asistentes, **ACÓRDASE:**

PRIMEIRO. Aceptar a cesión en propiedade do vehículo marca NISSAN, tipo todoterreo, con matrícula C-3483-AV e 114.816 Km, do que é propietario a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, para ser destinado ao servizo municipal de protección civil.-

SEGUNDO. Comunicar o presente acordo á Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza para o seu coñecemento e efectos.

TERCEIRO. Incorporar o vehículo cedido, trala oportuna transferencia cursada ante a xefatura provincial de Tráfico (rexistro oficial de vehículos) ao **INVENTARIO DE BENS MUNICIPAL EPIGRAFE 5º VEHÍCULOS.**

Concluído o anterior, ás vinte e catro horas, non sendo outro o obxecto da convocatoria, o señor alcalde - presidente levanta a sesión no lugar e data ao principio indicados, estendéndose a presente acta, de todo o que, como secretario, certifico.-

O alcalde,

O secretario,

ASDO.: JAVIER JORGE CASTIÑEIRA

ASDO.: VICENTE PASTOR MARTÍNEZ